

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E ASOCIACIÓN GALEGA DE ALBERGUES PRIVADOS (AGALBER) PARA A CONSOLIDACIÓN E EXPANSIÓN DIXITAL DE BOOKALBERGUE, PLATAFORMA DE RESERVA DE ALBERGUES PRIVADOS NO CAMIÑO DE SANTIAGO

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou coa Asociación Galega de Albergues Privados (AGALBER) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Asociación Galega de Albergues Privados (AGALBER) para a consolidación e expansión dixital de Bookalbergue, plataforma de reserva de albergues privados no Camiño de Santiago.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e a innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.



Segundo.- AGALBER constitúese como unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, que ten por finalidade principal a de representar, xestionar e defender os intereses profesionais e empresariais dos seus asociados, empresas, autónomos e profesionais dedicados a xestionar os centros de hostalería coñecidos como albergues, albergues turísticos, albergues xuvenís, ou aqueles outros que, sen ter as ditas denominacións, realicen a mesma actividade, atendendo ás súas necesidades de información, formación e asesoramento, e que nace cunha especial vocación de defensa dos intereses específicos das empresas nela encadradas.

A asociación aglutina á maioría dos albergues privados situados nos distintos trazados dos Camiños de Santiago.

Terceiro.- A Estratexia de Turismo de Galicia Galicia 2030, dentro da Misión 1. Galicia, destino auténtico e diferencial recolle a Medida estratéxica 1.1. O Camiño de Santiago. O Camiño de Santiago é un dos recursos mais singulares e diferenciais do turismo galego, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e cun claro recoñecemento internacional. Porén, a tendencia crecente de peregrinos durante os últimos anos fai imprescindible apostar pola calidade e a excelencia das Rutas Xacobeas, aplicando medidas que permitan unha adecuada xestión, a conservación e o mantemento deste recurso turístico cunha clara orientación á sostibilidade integral. O Camiño destaca como o principal reclamo turístico de Galicia, grazas á diversidade de recursos que se atopan ao longo das diferentes Rutas Xacobeas. Ademais, destaca como o principal atributo con que se identifica a Galicia e como o recurso con maior potencial de crecemento nos vindeiros anos. Alén diso, o Camiño de Santiago tamén destaca pola súa importancia como factor de reequilibrio territorial, favorecendo as actividades turísticas en áreas rurais e territorios menos coñecidos.

Unha das accións operativas recollidas nesta medida estratéxica é a que ten que ver con implementar medidas que permitan impulsar a excelencia e a calidade na xestión dos Camiños de Santiago, co obxectivo de consolidar este recurso único e de alto valor cultural como un referente internacional en turismo sostible. Entre as accións que se poderán desenvolver está a de mellorar a atención e servizos ofrecidos aos peregrinos e visitantes, tanto en recursos turísticos específicos como no propio Camiño de Santiago, asegurando que os servizos ofrecidos cumpran os máis altos estándares de calidade. Para acadar este obxectivo é fundamental establecer sinerxías e promover acordos de



colaboración con axentes implicados na xestión do Camiño, como poden ser entidades públicas, asociacións de peregrinos ou empresas do sector turístico.

Cuarto.- Bookalbergue, impulsado por AGALBER, ten como obxectivo consolidarse como a plataforma de referencia para a reserva de albergues privados no Camiño de Santiago. O que se busca é fortalecer e profesionalizar o ecosistema tecnolóxico e comunicativo da plataforma, beneficiando tanto a peregrinos como a propietarios de albergues, mellorando a súa experiencia e reforzando a competitividade do sector.

A dixitalización é un factor clave na modernización do sector turístico, e os albergues privados de Galicia, que desempeñan un papel fundamental na acollida de peregrinos, necesitan ferramentas eficaces para aumentar a súa visibilidade, optimizar a xestión e adaptarse ás novas dinámicas dixitais.

Esta proposta contempla unha estratexia integral que inclúe accións de comunicación e redes sociais, mellora da experiencia de usuario, optimización e tradución da web a novos idiomas, desenvolvemento dunha aplicación móbil e colaboracións externas con creadores de contido. O obxectivo final é consolidar Bookalbergue como unha solución dixital esencial no Camiño de Santiago e contribuír ao impulso dun turismo sostible, profesional e competitivo en Galicia.

Os obxectivos estratéxicos que se pretenden acadar son os seguintes:

- Reforzar a presenza dixital de Bookalbergue a través da xestión de redes sociais e dunha comunicación profesional e coherente.
- Incrementar a visibilidade en medios e canles institucionais mediante accións de comunicación e relacións públicas especializadas.
- Mellorar a experiencia de usuario (UX) da plataforma, supervisando e propoñendo melloras que optimicen navegación, usabilidade e conversión.
- Optimizar a web existente con tradución a novos idiomas (DE/FR/KR) e melloras técnicas que aumenten accesibilidade e rendemento.
- Desenvolver a app móbil (iOS e Android) integrada coa web, facilitando o acceso e a reserva de albergues por parte dos peregrinos.
- Garantir coherencia visual e profesionalidade en todas as accións de comunicación mediante o deseño gráfico de pezas dixitais.



- Prestar soporte técnico online aos albergues adheridos e acompañalos con formación e onboarding.
- Impulsar a captación activa de novos socios, ampliando a rede de albergues e fortalecendo a sustentabilidade do proxecto.
- Reforzar a difusión de Bookalbergue mediante colaboracións externas con creadores de contido, ampliando o alcance en comunidades internacionais vinculadas ao Camiño de Santiago.

Quinto.- As áreas de actuación nas que se desenvolverán as distintas actuacións son as seguintes:

1. Redes sociais

Obxectivo principal: posicionar Bookalbergue como unha plataforma útil e confiable para reservar albergues privados en Galicia, cunha presenza dixital que conecte cos peregrinos e dea visibilidade aos albergues privados.

Plan de execución:

- Xestión e dinamización de redes sociais.
- Creación de contidos audiovisuais.
- Accións estratéxicas en redes sociais.

2. Colaboracións con creadores de contido

Obxectivo principal: ampliar a difusión de Bookalbergue mediante accións con creadores de contido vinculados ao Camiño de Santiago, con especial foco en comunidades internacionais de peregrinos.

Plan de execución:

- Identificación de creadores de contido afíns ao proxecto.
- Deseño de colaboracións puntuais (publicacións, directos, campañas conxuntas).
- Coordinación co equipo de Bookalbergue para aliñar mensaxes e materiais.
- Seguimento do impacto das accións (alcance, interacción, novos rexistros).

3. Deseño gráfico



Obxectivo principal: reforzar a identidade visual de Bookalbergue mediante pezas gráficas dixitais que transmitan confianza e profesionalidade, apoiando tanto a captación de novos socios como a atracción de peregrinos cara á plataforma.

Plan de execución:

- Deseño e creación de pezas dixitais.
- Soporte á captación de socios.
- Optimización e consistencia visual.

4. Comunicación e PR

Obxectivo principal: consolidar a imaxe de Bookalbergue, reforzando a súa notoriedade en medios e canles institucionais, e transmitir confianza a peregrinos e albergues para apoiar o crecemento da rede de socios.

Plan de execución:

- Relación con medios e difusión en prensa.
- Relación institucional e PR.
- Soporte á captación de socios.
- Reputación dixital e relato institucional.

5. Soporte técnico e captación de socios

Obxectivo principal: garantir o correcto funcionamento da plataforma para os albergues adheridos e impulsara a ampliación da rede mediante accións online de soporte, onboarding, formación e captación activa de novos socios.

Plan de execución:

- Soporte online.
- Apoio a socios actuais.
- Onboarding e formación remota.
- Captación activa de socios.
- Seguimento e coordinación.

6. Supervisión UX da plataforma



Obxectivo principal: garantir unha experiencia de usuario intuitiva e accesible en Bookalbergue, supervisando a usabilidade da web e da App e propondo melloras que aseguren a súa eficacia.

Plan de execución:

- Auditoría inicial de UX.
- Supervisión e propostas de mellora.
- Análise e avaliación continua.

7. Melloras web

Obxectivo principal: optimizar a plataforma Bookalbergue mediante melloras funcionais e a incorporación de novos idiomas, garantindo unha mellor accesibilidade para peregrinos internacionais.

Plan de execución:

- Tradución da plataforma a alemán, francés e coreano, garantindo unha adaptación precisa e adecuada ao público obxectivo.
- Implementación de melloras técnicas e funcionais na web, en coordinación coa empresa encargada do desenvolvemento.
- Supervisión dos cambios realizados para asegurar que as melloras optimizan a experiencia do usuario e no afectan ó rendemento da plataforma.

8. App para Android + iOS

Obxectivo principal: facilitar o acceso a Bookalbergue a través de aplicacións móbiles, mellorando a experiencia dos usuarios e optimizando o proceso de reserva en dispositivos iOS e Android.

Plan de execución:

- Desenvolvemento das aplicacións para iOS e Android, adaptadas ás funcionalidades da web.
- Coordinación co equipo técnico para integrar as apps coa plataforma actual.



- Supervisión da implementación e primeiros test de funcionamento para garantir unha experiencia de usuario estable e intuitiva.

Que a través deste convenio, outórgase á Asociación Galega de Albergues Privados (AGALBER) unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

